

NOME CIENTÍFICO

Olea europaea

Descrición:

Trátase dunha árbore de folla perenne, que pode acadar ata os 15 metros de altura e cun tronco nodoso. A súa copa é ancha e o tronco, grosso. A cortiza é fráxil e presenta unha cor gris ou prateada.



93

As flores son brancas, dioicas, e é habitual que os exemplares de oliveira poidan chegar a autofecundación.

Familia: Oleaceae
Orixe: Rexión mediterránea
Nome común: Oliveira



94

O seu froito é unha oliva. Trátase dunha drupa suculenta e moi oleosa, de cor verde ao principio e que vai tornando cara o marrón e negro segundo acada a súa madurez.



95

As súas follas son opostas de 2 a 5 centímetros de longo, lanceoladas (con forma de puna de lanza) e cun ápice lixeiramente puntiagudo. Son enteiras, de consistencia dura, máis pálidas no envés ca no face e sen pelos (glabra).



96

Olea europaea

Hábitat

A oliveira é un cultivo propio de climas mediterráneos, caracterizados por invernos relativamente suaves e veráns longos, cálidos e secos, con medias anuais de temperatura entre 15 e 20 graos. Prefire os vales amparados ou as chairas baixas que no estean expostas a fríos intensos. Pode medrar nas ladeiras de montañas orientadas para o sur.

Usos ou propiedades

O seu uso principal é culinario, extraéndose do seu froito aceite de oliva, moi valorado na cociña tradicional da zona mediterránea.

Categoría IUCN

Non avaliada (NE)

Curiosidades

A oliveira ten un grande simbolismo na cultura popular galega, xa que é utilizada para a elaboración dos óleos sagrados e porque, segundo a tradición, coas súas pólas recibíuse a Xesús cando entrou en Xerusalén. Por todo isto considérase como posuidora de poderes máxicos, protectora do mal de ollo e de posesións diabólicas. Vigo, é coñecida como a cidade olívica, nome que procede dunha oliveira singular que había na cidade e que forma parte do seu escudo. A actual árbore do Paseo de Alfonso XII é descendente dela. En moitas culturas é símbolo de paz e prosperidade.